Concello da Coruña

Área / Unidad	Documento	Sello
APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 MLS	2371AS016S	
Código de verificación 6D69 632Z 1G5J 6O38 0XJY	Expediente 237/2026/77	
	Fecha 14-09-2026	

Asunto	Interesado
IP SUSCRIPCIÓN CONVENIO	ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA

INFORME-PROPOSTA

Asunto: Concesión de subvención nominativa do exercicio 2026

A Lei 13/2008, 3 de decembro, de Servicios Sociais de Galicia establece que corresponde aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a creación de servizos sociais especializados no ámbito local, e a promoción e coordinación dos servizos sociais.

Facendo uso desta atribución de competencias, o Orzamento Xeral vixente do Concello da Coruña contén, no anexo de subvencións nominativas (aprobado polo Acordo de Pleno de data 29/01/2026) o convenio coa entidade, e polo importe e coa finalidade, que xestionará o Servizo Benestar Social, seguinte:

IMPORTE 2026	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
30.000,00 €	ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL	G70249461	Observatorio contra delitos de odio LGTB na cidade da Coruña

A Alcaldía autorizou, con data de sinatura electrónica 15/03/2026, iniciar a tramitación conducente á sinatura dos convenios coas entidades citadas, tal e como consta no expediente.

Con data 31/072026, a entidade ASOCIACIÓN AIRE con NIF G70249461 presentou a solicitude de formalización do convenio citado.

A citada entidade cumpre os requisitos esixidos pola normativa estatal e autonómica relativa ás subvencións, e así consta no expediente.

Así, respecto da tramitación do expediente de subvención, establece o artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. A Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada en Pleno Municipal en sesión realizada o día 6 de xuño de 2024 e publicada no BOP núm. 157 do día 16 de agosto do 2024, prevé, no seu artigo 31, que poderán concederse de forma directa as subvencións a que se refire o artigo 22.2 a) da LXS, e os convenios serán o instrumento habitual para outorgar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais.

Na Xunta de Goberno Local do día 28/05/2025, aprobouse o modelo normalizado de convenio da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación (CSV 043U 1B2D 4P4J 0K26 0A4K) para a concesión de subvencións nominativas que se aproban no anexo de subvencións nominativas de cada exercicio no orzamento correspondente. Este modelo (CSV 1O6U 0V3S 4B3T 1A1I 0YMU) conta co informe favorable da Asesoría Xurídica Municipal (que se achega a este expediente). O convenio cuxa concesión se resolve neste expediente ten o mesmo texto que o modelo normalizado coas modificacións necesarias para a adaptación do convenio ao exercicio orzamentario, á entidade, á contía aprobada e a finalidade e obxecto do convenio.

A aprobación deste modelo normalizado basease no establecido no artigo 50.2a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP). Polo tanto, de conformidade co citado artigo, en relación co a emisión do informe pola Asesoría Xurídica, non será necesario pedir este informe en todos os convenios, xa que existe un modelo normalizado e informado previamente pola mesma Asesoría Xurídica, tal e como se indica no parágrafo anterior.

O artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS regula o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos:

"1. A efectos do disposto no artigo 22.2. a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vencellados ou dependentes de ambas, será de aplicación a devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regulamente a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e rematará coa resolución de concesión ou o convenio. En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terán o carácter de bases regulamentadoras da concesión ós efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións. A resolución ou, no seu caso, o convenio, deberá incluír os seguintes extremos:

a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.

b) Crédito orzamentario ó que se imputa ó gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario, se fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvención, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Prazos e modos de pagamento da subvención, posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán aportar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos."

Doutra banda, o artigo 50 da LRXSP, establece como trámite preceptivo para a subscrición de convenios e os seus efectos, a realización por parte do órgano propoñente do convenio, dunha memoria xustificativa que acompañe ao convenio de colaboración.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo, incorpórase a este procedemento unha memoria xustificativa que debe utilizarse para estes efectos. Na devandita memoria recóllense todos os apartados mínimos esixidos pola normativa: a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei. Achégase a memoria xustificativa como motivación a este informe.

A instrución da Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior para a tramitación de subvencións como medida de reactivación económica no Concello da Coruña do 15 de xuño de 2020, co fin de axilizar a sinatura dos convenios, tramitaranse ata a resolución e concesión, que, no caso de que aínda non estea xustificada a do ano anterior ou anteriores, levará un apartado específico no que se sinale que o recoñecemento da obriga queda condicionado ao peche con conformidade da xustificación. Unha vez pechada conforme a xustificación, poderá continuarse coa tramitación do pagamento anticipado.

As resolucións que se adopten son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local. Esta competencia foi delegada na concelleira delegada responsable da Área de Benestar social, Participación e Igualdade por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 04/07/24 (BOP núm 129, do 05/07/2024).

En consecuencia, **propoño adoptar as seguintes resolucións**:

Primeiro. Conceder a ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL con NIF G70249461, unha subvención destinada á realización da actividade de **observatorio contra delitos de odio LGTB na cidade da Coruña**, por importe de **trinta mil euros** (**30.000,00 €**), gasto imputable á aplicación 51.2311.48050 do Orzamento Municipal en vigor, que se fará efectiva e se xustificará de conformidade co establecido no convenio a subscribir e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e

na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

Segundo. Aprobar a sinatura do convenio de colaboración, segundo a proposta que figura no expediente (CSV versión en galego: 3X1J 6A4Q 3R52 5S2T 033V; CSV versión en castelán: 043F 5J1A 3J3E 0V2M 0Q8T), entre o Concello da Coruña e a ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, co fin de contribuír ao financiamento das actividades citadas no apartado anterior.

Terceiro. No caso de que a entidade teña algún convenio ou subvención de exercicios pechados pendentes de xustificar, o recoñecemento da obriga quedará condicionado ao peche con conformidade das xustificación.

A Coruña, á data da sinatura electrónica

A Xefa de Servizo de Servizos Sociais